



A Xironda - Cualedro, 1979-09

Informante: Bernardo (65) e Josefa (68)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

12g

Xan Quintán querese casar
non tiña a muller buscada
foille pedir o amor
á filla da tía Xuana.

“Boas noites tía Xuana
onde lle vai a rapaza”
“Foi busca-lo gas pra noite
xa me parece que tarda.”

Estando nestas razós
entrou pola porta adentro
“Buenas noites Xan Quintán
tráigote no pensamento.”

“Pois tu dícelo de risas
mais eu dígocho de veras
que veño tesa co frío
quiero quenta-las canelas.”

Trataron de moniciós
pasaron ó outro lado
fóronllas levar ó cura
que anda coelas de contado.

I o cura andúvolle coelas
no ofretorio da misa
i a xente que taba dentro
caia toda coa risa.

Trataron de casamento
Xan Quintán i a Mariquiña
iban no medio da iglesia
dixo quen non o quería.

O padriño i a madriña
i o cura i o sancristán
todos quedaron pensando
nor feitos do Xan Quintán.

Xan Quintán quedouse teso
como ar vergas do canizo
pillou pola porta afora
ni siquier adios nor dixo.